

## COMUNICADO DE PRENSA

**... Día Mundial da Eficiencia Enerxética – 5 de marzo de 2008 ...**

**Os biólogos apostan pola modificación dos hábitos de consumo para lograr un maior aforro enerxético, como o uso de lámpadas de baixo consumo, que permiten aforrar ata un 80% do gasto en iluminación**

**Avogan polo correcto illamento das vivendas de nova construción, xunto coa optimización da luz natural**

---

*Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2008 (Vía Láctea Comunicación).*- Mañá mércores celébrase o Día Mundial da Eficiencia Enerxética. Con motivo desta conmemoración, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** quere manifestar que a utilización e o aproveitamento da enerxía son elementos esenciais no desenvolvemento da humanidade, ao tempo que constitúen unha das súas preocupacións fundamentais. “O control dos recursos enerxéticos é un factor determinante na distribución da riqueza” -sinalan-.

Dende o Colexio lembran que Galicia ten sido tradicionalmente consumidora de fontes propias de enerxía, como a leña para a cociña e a calefacción, ou a auga para a produción eléctrica ou para a súa transformación en enerxía mecánica. Sen embargo, co desenvolvemento social e industrial do século XX, foise substituíndo o consumo enerxético tradicional por fontes non renovables. Así, fomentouse a produción eléctrica a partir do carbón e reemprazouse a calefacción tradicional por derivados do petróleo.

**Os biólogos consideran que Galicia ten recursos para a produción de enerxía renovable propia, en particular solar e eólica**

Os biólogos sinalan que “as fontes de enerxía non renovables como o carbón, o petróleo e os seus derivados, ou o gas natural presentan dous grandes inconvenientes. Por unha parte, trátase sobre todo de fontes de enerxía limitadas e as súas reservas diminúen a medida que se consumen. Por outro lado, teñen a súa orixe fóra das nosas fronteiras, co que o noso desenvolvemento depende en gran medida do exterior”.

“Galicia dispón, sen embargo, de capacidade de xestión de determinados recursos naturais, o que fai posible a produción enerxética propia. Así, en boa parte do territorio galego existe a posibilidade de aproveitamento solar, reducíndose o consumo de gasóleo, gas ou electricidade na produción de auga quente para as vivendas. Ademais, nos últimos anos Galicia tense convertido no principal referente do Estado en produción de enerxía eólica e no desenvolvemento de tecnoloxía para optimizar esta produción” -afirman dende o COBGA-.



## **O aproveitamento dos residuos agrarios preséntase como unha opción de futuro de cara ao desenvolvemento sostible do territorio**

Os biólogos indican que “cómpre ter en conta tamén que Galicia goza dunha serie de recursos naturais de alto valor enerxético e de escaso aproveitamento na actualidade”. Nesta liña, sinalan que “a revalorización do agro, o aproveitamento dos residuos agrarios e a optimización na xestión do mundo rural han de posibilitar un crecemento sostible, que redundará a longo prazo nun mellor reparto da poboación”.

O Colexio de Biólogos considera que “a resposta social ante á cada vez máis crecente sensibilización ambiental impón a necesidade dun control máis exhaustivo sobre os factores que poidan supor unha degradación no medio”. Por esta razón, opinan que se require especialización e unha cualificación elevada á hora de facer fronte á problemática ambiental derivada do consumo enerxético, tanto no relativo ás actividades económicas como nas nosas propias vivendas.

### **Medidas de aforro enerxético propostas polos biólogos**

Dende o COBGA apóstase pola modificación dos hábitos de consumo, fomentando un plan de autosuficiencia e aforro enerxético. Nesta liña, destacan unha serie de medidas que cómpre levar a cabo, entre elas substituír os sistemas de iluminación habituais por lámpadas de baixo consumo. Aseguran que mediante estas lámpadas pódese aforrar ata un 80% do gasto en iluminación.

Outro dos consellos que ofrecen os biólogos é apagar completamente os equipos eléctricos (televisións, vídeos, cadeas de música...). En relación con isto, lembran que a función de stand-by dos aparatos implica un consumo enerxético que pode chegar a alcanzar o 10% do consumo do aparato en funcionamento.

Por outro lado, o colectivo dos biólogos resalta a importancia de fomentar un correcto illamento das vivendas de nova construción, xunto coa optimización da iluminación natural e a implantación de sistemas de aproveitamento enerxético de alto rendemento e menor consumo.

Dende o COBGA inciden na necesidade de diversificar a produción e consumo enerxéticos. Declaran que “a diversidade na produción enerxética, cunhas medidas de aproveitamento eficiente, garantirá unha subministración constante, reducindo os impactos en caso de crise en sectores específicos de produción ou consumo”-.

Por último, o organismo colexial insiste na importancia de fomentar a xeración de enerxía mediante o aproveitamento de recursos renovables. “A enerxía solar, a biomasa ou a enerxía xeotérmica requiren un maior grao de implantación para a xeración de calor no eido doméstico e tamén no industrial” -manifestan-.